

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 21/05/2018 13:24:25

SAIDA

5644/18

Sr. Conselleiro de Facenda
Edificio Administrativo San Caetano
San Caetano s/n
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: L.8.Q/3996/18

Santiago de Compostela, 17 de maio de 2018

Sr. conselleiro:

Como coñece polos expedientes dos que solicitamos información a ese órgano, as relacións entre os contribuíntes e a Administración e as problemáticas que xorden no ámbito das relacións xurídico-tributarias, motivan en ocasións, a formulación de consultas e a presentación de queixas nesta Institución.

O espírito da Lei Xeral Tributaria, coma eixe central do ordenamento tributario onde se recollen os principios esenciais e se regulan as relacións entre a Administración tributaria e os contribuíntes, prevé o reforzamento dos dereitos substantivos destes e a mellora das garantías no seo dos distintos procedementos tributarios.

Os esforzos revisores do lexislador son boa mostra de que o sistema tributario evolucionou moito nos últimos anos, de xeito que semella innegable a conveniencia de adecuar o funcionamento da Administración ás novas tecnoloxías, modernizando os procedementos tributarios.

Ás veces, a cidadanía quéixase de que cando na vía administrativa de revisión impugnan actos de xestión, inspección ou recadación dos tributos cedidos á Comunidade Autónoma de Galicia e formulan a reclamación económico-administrativa, o procedemento vai alongándose nuns tempos pouco compatibles cunha administración de calidade.

Máis aló de que dende a Institución resólvese de xeito individualizado o caso concreto formulado en cada queixa, observamos que con certa frecuencia, é común a moitas delas, que dende que o lexitimado ou interesado na reclamación económico-administrativa, formula escrito de interposición ao órgano administrativo que ditou o acto e este o remite ao tribunal (TEARG), transcorre un excesivo prazo de tempo que supera ás veces os catro ou cinco meses.


Por todo elo, ademais das modificacións necesarias para a adecuación das normas ao contexto actual do sistema tributario, e de que en paralelo aos dereitos e garantías dos obrigados tributarios se entendan as obrigas e deberes dos entes públicos, o artigo 235.3 da Lei Xeral Tributaria dispón que unha vez dirixido o escrito de interposición da reclamación económico-administrativa ao órgano que ditara o acto reclamable, este o remitirá ao tribunal competente no prazo dun mes xunto co expediente, no seu caso electrónico, ao que se poderá incorporar un informe.


Así as cousas, iniciamos esta investigación de oficio co fin de garantir que o principio de seguridade xurídica, característico das sociedades democráticas avanzadas e o seu reforzamento vai profundar no equilibrio das situacións xurídicas da Administración tributaria e dos contribuíntes.

Semella convinte que este comisionado parlamentario contribúa a salvagardar os dereitos e as garantías dos contribuíntes entendidos estes como a contrapartida das obrigas, que sobre eles pesan, derivadas do deber xeral de contribuír o sostemento dos gastos públicos de acordo cos principios constitucionais.

Neste contexto incardinamos, a teor do disposto nos artigos 13 e 16 da lei reguladora desta Institución (Lei 6/1984, do Valedor do Pobo), esta investigación de oficio, a fin de que informen das causas da demora na remisión das reclamacións económico-administrativas ao tribunal (TEARG) e no seu caso, das actuacións ou medidas previstas, co obxectivo de minimizar a problemática que tales retrasos lle comportan aos obrigados tributarios. Agradecemos toda canta información consideren ao seu criterio, de interese, para contribuír a brindar solución á situación descrita.

Reiterándolle o meu agradecemento pola súa colaboración, saúdo atentamente


Milagros Mª Otero Parga
Valedora do Pobo



The stamp consists of a vertical line with three dots at the top, and the text "Valedor do Pobo" to its right.